



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE: 2025/A004/000002

CONVENIO DO CONCELLO DE CAMARIÑAS CO Club Escola de Fútbol Concello de Camariñas Juan Cabrejo

En Camariñas, a __ de _____ de 2025

REUNIDOS

Dunha parte a Alcaldesa do Ilmo. Concello de Camariñas, Dona Sandra Insua Rial, na representación que ostenta en virtude dos artigos 21.1 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra , Marcos Lema Pensado con DNI 32825360J que ostenta a Presidencia representación da Escola de Fútbol Concello de Camariñas Juan Cabrejo con CIF G-10584530 , e enderezo en R/ Milleira, 3 Camariñas (A Coruña), cuxa representación manifesta neste acto.

Ambos recoñécense capacidade, representación e poder suficiente para subscribir o presente convenio, polo que a tal efecto.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello de Camariñas ten competencia en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas, ocupación do tempo libre, turismo; todo elo segundo establece a letra m) do apartado segundo do artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Ademais, de conformidade co artigo 25.1 do mesmo texto legal, os Municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

SEGUNDO.- Que figura inscrita no Rexistro Municipal de asociacións co número 65. Que ten como obxecto e fin adicar a súa actividade e patrimonio a acadar que forma primaria e principal, o fomento do fútbol, nas súas distintas categorías e idades, e de forma xeral a práctica

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinhas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

de todos os deportes.

Que sendo os obxectivos sinalados de marcado interese público e social, é propósito de ámbalas dúas partes colaborar na consecución e logro das mesmas polo que subscriben o presente convenio con arranxo aos seguintes

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Que o presenta:

- a) Cumprimento dos requisitos do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- b) Certificación/declaración responsable de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- c) Declaración responsable respecto a obriga contida no artigo 25 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
- d) Declaración responsable de non ter solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas

SEGUNDO.- O Club Escola de Fútbol Concello de Camariñas Juan Cabrejo conta cos seguintes equipos:

- 2 Prebenxamíns.
- 1 Benxamín.
- 2 Alevíns.
- 1 Infantil masculino.
- 1 Cadete masculino.
- 1 Xuvenil masculino.
- Sénior Feminino

En virtude do anteriormente exposto, o Concello de Camariñas e Club Escola de Fútbol Concello de Camariñas Juan Cabrejo acordan subscribir un convenio de colaboración con base nas seguintes:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)).



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Que está interesado en recibir unha achega por parte do Concello de Camariñas co obxecto de poder sufragar parte dos gastos que implica a realización das actividades relacionadas co seu fin social no sentido de fomentar o deporte na modalidade de fútbol debendo fomentar ou crear categorías de equipos base. Patrocinio que se encadra dentro da xa extensa labor, dentro das súas posibilidades, que se realiza por parte do Concello no ámbito da prestación de servizos no ámbito dos deportes.

SEGUNDA.- Que o Concello de Camariñas está interesado en mellorar esta actividade deportiva que pon en valor a vila para os seus veciños e que se converta nun xeito de colmar as aspiracións no eido da prestación de servizos deportivos dunha parte da poboación, todo elo dentro da competencia xenérica do Ilmo. Concello de Camariñas para satisfacer todo tipo de necesidades veciñais que lles outorga o artigo 25.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRA.- Tal como se establece no punto anterior, estando o Concello de Camariñas interesado na promoción de dita actividade de deportes e como se di na exposición segunda, tendo a realización das diversas actividades unha importante repercusión nun ámbito como é o deportivo. É por elo que se demostra deste xeito o interese social polo que o Concello de Camariñas vén de decidir de asinar un convenio co Club Escola de Fútbol Concello de Camariñas Juan Cabrejo.

Visto que no orzamento para 2025, aprobouse no Pleno do 14/04/25 unha subvención nominativa para o Club Escola de Fútbol Concello de Camariñas Juan Cabrejo por importe de 6.000,00€ a cal articularase, atendendo ás peculiaridades da actividade a fomentar, a través do presente convenio para o patrocinio e fomento dos fins de utilidade e interese social antes comentados e de competencia de ambas entidades.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

CUARTA.- O Club Escola de Fútbol Concello de Camariñas Juan Cabrejo comprométese a seguir realizando as actividades antes mencionadas, coma ata agora veñen facendo e en concreto a:

a) Fomentar ou crear categorías de equipos base inscribíndoos na correspondente federación.

b) Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, que a mesma conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Camariñas. As mencións deberán efectuarse en lingua galega.

c) A presentar calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación co outorgamento da subvención.

d) Comprométese á apertura e peche das instalacións cando o Concello o estime necesario para realizar actividades por el organizadas ou autorizadas.

e) Cumprir coa normativa sanitaria ao respecto do cumprimento dos protocolos da Federación Galega de Fútbol e do propio Concello de Camariñas.

QUINTA.- Así mesmo comprométese a cumprir coas obrigas dos beneficiarios establecidas na lexislación aplicable que se recollen como anexo deste convenio e en especial a aportar facturas ou documentos substitutivos de facturas, orixinais polo menos, polo importe de co obxecto de verificar que a actividade desenvolveuse e que o importe concedido non supera o custe das actividades desenvolvidas. Así mesmo, a xustificación só se poderá referir a gastos realizados para sufragar o obxecto deste convenio entre setembro do 2024 ata agosto de 2025. No caso de que ao finalizar o prazo de xustificación non se xustificara a totalidade da subvención procederase automaticamente á anulación da subvención polo non xustificado.

As facturas que se presenten para a xustificación deberán ser emitidas conforme ao establecido legalmente no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro. En caso contrario, a factura non contará para a xustificación. Con carácter xeral, a xustificación terá unha relación directa coas actividades subvencionadas, especialmente ao pagamento do desprazamentos aos encontros oficiais levados a cabo por empresa de transporte público, arbitraxes das diferentes categorías, gastos de participación en competicións oficiais federadas, seguro federativo das licenzas, gastos de persoal directamente relacionados co desenvolvemento da actividade subvencionada, material deportivo non inventariable (balóns, equipamento deportivo como por exemplo, vallas, picas, bandas elásticas, roupa de xogo,...), publicidade e propaganda, produtos básicos de farmacia/caixa de urxencia, ...



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Considéranse Gastos NON subvencionables: os que teñan carácter de investimento (porterías, canastras, mobiliario,...), os gastos financeiros, gastos de adquisicións de bens destinados á venda, gastos derivados das atencións protocolarias (atencións persoais, trofeos, medallas, gastos en galas ou celebracións,...), gastos derivados de viaxes de ocio, gastos suntuarios..

No caso de que se presenten copias das facturas, aparte de que estas deberán estar debidamente emitidas, o beneficiario deberá presentar as facturas orixinais para que sexan seladas polo Concello onde se faga constar que a factura utilizouse para xustificar unha subvención.

De conformidade co artigo 14 da Lei 39/2015, é obrigatorio relacionarse electronicamente coa Administración.

En caso de que a xustificación se realice mediante documentos substitutivos de facturas deberá poñerse de manifesto as razóns polas que non se pode xustificar o gasto con facturas. A apreciación deste feito será realizada polo órgano que aprobe a xustificación. En caso de que non este conforme coa xustificación requirirá a Club Escola de Fútbol Concello de Camariñas Juan Cabrejo a que presente outra xustificación de acordo co establecido na lexislación pertinente.

Se a xustificación non alcanza a cantidade mínima necesaria para realizar o pago da cantidade concedida, esta se reducirá proporcionalmente á cantidade xustificada.

O pagamento se realizará da seguinte forma: un 60 % en concepto de anticipo e a cantidade restante unha vez presentada a xustificación. O prazo máximo para a xustificación será o 1 de novembro deste ano.

Así mesmo, coa xustificación da subvención a deberá presentar:

1. Memoria detallada da actividade realizada, en que consistiu, e o número de participantes nas actividades. Fará especial mención aos obxectivos alcanzados en canto á promoción do deporte entre as categorías de menor idade.
2. Que as facturas se axustan á finalidade recollida no convenio.
3. Que non se atopa en ningún dos supostos establecidos no artigo 13 da LXS ou no artigo 10 da LSG que a inhabiliten para obter a condición de beneficiario da subvención.
4. Certificado de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
5. Certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria de Galicia (Atriga)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

6. Declaración xurada que non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas.

7. Unha certificación de atoparse ao corrente do cumprimento da obriga de reintegro de subvencións.

8. Unha declaración xurada de que o custe do IVE que aparece nos documentos que presentan na xustificación non ten carácter de recuperable para a entidade beneficiaria.

SEXTA.- O Concello de Camariñas responsabilízase de:

- Tramitar a xustificación que presente no seu momento o Club.
- Colaborar para a boa execución deste convenio.

SÉTIMA.- Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A sinatura do presente convenio suporá o recoñecemento por parte da persoa que ostenta a presidencia/representación da de que o importe total das subvencións obtidas, incluída á que se refire este convenio, das diferentes Administracións Públicas, non supere o custe das actividades a desenvolver polo beneficiario.

OITAVA.- O corpo normativo aplicable estará formado por:

- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- A Lei 9/2007, de 25 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- A Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Camariñas.
- As Bases de Execución do Orzamento do Iltmo. Concello de Camariñas



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

para o ano 2022 prorrogadas o 2024

- Con carácter supletorio o Dereito Administrativo.

NOVENA.- queda expresamente comprometida/o e coñece todo o establecido nos Títulos II, III e IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións referidas ao reintegro de subvencións, control financeiro de subvencións e infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

DÉCIMA.- Este Convenio ten carácter administrativo.

Conforme co mesmo o asinan as persoas e no lugar e data arriba sinalados por triplicado exemplar.

A ALCALDESA DO CONCELLO
DE CAMARIÑAS

O PRESIDENTE DO CLUB
ESCOLA DE FÚTBOL CONCELLO
DE CAMARIÑAS JUAN CABREJO

Asdo: Sandra Insua Rial

Marcos Lema Pensado

Anexo ao convenio no que se recollen as obrigas do beneficiario desta subvención

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

1.- Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.

2.- Xustificar ante o Concello de Camariñas, o cumprimento dos requisitos e condicións, así coma a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.

3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4.- Comunicar ao Concello de Camariñas a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto coma se coñeza.

5.- Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

6.- Dispor dos libros, rexistros e/o documentos debidamente cumprimentados de acordo coa normativa aplicable ao beneficiario ou perceptor, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

7.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

8.- Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, que a mesma conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Camariñas.

9.- Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

10.- Con carácter xeral, deberán desenvolver a actividade subvencionada no termo

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

municipal de Camariñas.

11.- As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

Polo que se refire á xustificación dos gastos é unha das obrigas de todo beneficiario co Concello de Camariñas. Con carácter xeral, a xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou compulsadas directamente relacionadas co obxecto da subvención, e no seu caso, correspondentes ó período para o que esta foi concedida. As facturas deberán conter os seguintes datos:

- a) Emisión á persoa ou entidade beneficiaria, con especificación do seu N.I.F. ou C.I.F., domicilio fiscal, localidade e código postal e o Departamento ou Servizo destinatario da prestación.
- b) Identificación completa do proveedor ou contratista, especificando cando menos, en todo caso, a súa denominación, N.I.F. ou C.I.F., domicilio fiscal, localidade e código postal.
- c) Número de factura.
- d) Lugar e data de emisión da factura.
- e) Descrición suficiente do subministro realizado ou do servizo prestado, con detalle das unidades obxecto do servizo ou subministro, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do Imposto sobre o Valor Engadido.
- f) Período que corresponda.

SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN (ANEXO I)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Entidade	
CIF	
Enderezo	
Teléfono	
Enderezo electrónico	

Representante Legal	
NIF	
Enderezo	
Teléfono do representante	
Enderezo electrónico	

Declara baixo responsabilidade propia:

- Sendo coñecedores que no Pleno do día 14/04/25 se ten aprobada subvención nominativa a favor de Club Escola de Fútbol Concello de Camariñas Juan Cabrejo , solicitamos asinar o convenio pertinente entre Club Escola de Fútbol Concello de Camariñas Juan Cabrejo e o Concello de Camariñas.
- Que a entidade que represento non está incurso en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario de subvencións, recollidos no artigo 10 da Lei 9/20007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que os datos indicados na solicitude son certos.
- Que no caso de haber solicitado a subvención en datos anteriores, os datos que obran no expediente non sufriron modificacións.

Documentación aportada (marcar o que corresponda)

- Certificación da Axencia Tributaria e da Seguridade onde conste que o club non ten débedas e está ao corrente nas súas obrigacións tributarias.
- Autorizar ao Concello de Camariñas solicitar á Axencia Tributaria e da Seguridade onde conste que o club non ten débedas e está ao corrente nas súas obrigacións tributarias.
- Certificación da Axencia Tributaria Galega onde conste que o club non ten débedas e está ao corrente nas súas obrigacións tributarias.
- Memoria económica.
- Certificado de conta bancaria para o pagamento.

SOLICITA

- Asinar o Convenio entre *Club Escola de Fútbol Concello de Camariñas Juan Cabrejo e o Concello de Camariñas.*

Sinatura do representante	Selo da Asociación
En Camariñas a	

DECLARACIÓN RESPONSABLES (para a solicitude) (Anexo II)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinhas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Don/Dona.....
con NIF..... como representante legal da
entidade.....
.....

DECLARO:

1. Que é unha entidade sen ánimo de lucro.
2. Que o custe do IVE que aparece nos documentos que presentan na xustificación non ten carácter de recuperable para a entidade beneficiaria.
3. Que para as actividades para as que solicito a subvención, solicitáronse ademais as seguintes subvencións, referidas á tempada actual:

ORGANISMO	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

Asemade, comprométome a comunicar ao Concello de Camariñas a concesión de calquera outra axuda ou subvención para a mesma finalidade.


4. Que esta entidade está ao corrente coas súas obrigas tributarias co Concello de Camariñas.
5. Que esta entidade non ten pendente fóra de prazo de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Camariñas.
6. Que en cumprimento do artigo 25 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a entidade non incumpre ningunha obriga por reintegro de subvencións.

E para que así conste, asina a persoa representante legal da entidade.

En Camariñas, a

XUSTIFICACIÓN DO GASTO REALIZADO.(Anexo III)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Ano de Concesión da Subvención	
Entidade	
CIF	
Importe Concedido	
Importe que se Xustifica	

Xustificantes que se aportan:

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL	

Requisitos das facturas:

- 1.- Número da factura.
- 2.- Datos relativos ao expedidor da factura e o destinatario: Nome, apelidos ou denominación social, NIF/CIF, enderezo,....
- 3.- Concepto e prezo total có IVE que estará detallado, con indicación no caso de que estea exento.
- 4.- Indicación de que a factura foi abonada, e no caso de facturas superiores a 2.500 €, xustificante bancario do pagamento.
- 5.- Lugar e data da emisión da factura.

<i>Sinatura do representante</i>	<i>Selo da Asociación</i>
<i>En Camariñas a</i>	

DECLARACIÓN RESPONSABLES (para a xustificación) (Anexo IV)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)).



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

<i>Entidade</i>	
<i>CIF</i>	
<i>Teléfono</i>	
<i>Enderezo electrónico</i>	

<i>Representante Legal</i>	
<i>NIF</i>	
<i>Teléfono do representante</i>	
<i>Enderezo electrónico</i>	

DECLARACIÓN:
DECLARO RESPONSABLEMENTE que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, atópanse incursos en algún dos supostos do artigo 13 da Lei Xeral de Subvención.
DECLARO RESPONSABLEMENTE que non forma parte dos órganos de goberno ou Administración da entidade ningún membro que se atope nos supostos recollidos na Lei 53/1984 de 26 de decembro, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma.
DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade atópase inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para as subvencións son en cumprimento do artigo 25 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non ter incumprida ningunha obriga por reintegro de subvencións.
DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade cumpriu con todas as obrigas que se recollen nas Bases reguladoras da subvención.
AUTORIZO ao órgano que xestione a subvención a consultar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

<i>Sinatura do representante</i>	<i>Selo da Asociación</i>
<i>En Camariñas a</i>	